







PREVENCIÓN E SAÚDE LABORAL ANTE O CORONAVIRUS NAS OFICINAS

ANTES DE IR AO TRABALLO

-  **PERSOAS SENSIBLES**
O servizo de **prevención de riscos laborais** deberá **identificar e valorar** as medidas para o persoal especialmente sensible.
-  **FEBRE**
Non ir traballar con **febre (>37°)** ou síntomas respiratorios ou se houbo contacto próximo cunha **persoa infectada**.
-  **INFORMACIÓN**
Difundir as **recomendacións** da autoridade sanitaria ante o coronavirus mediante carteis ou paneis informativos.
-  **DESPRAZAMENTO**
Mellor individual, se non, só unha persoa por fila. No transporte **colectivo** ou compartido **recoméndase o uso de máscara**.





DISTANCIA DE SEGURIDADE

-  **DISTANCIA**
Manter **2 metros de seguridade** tanto entre o persoal traballador como co persoal usuario.
-  **MEDIDAS BARRERA**
Adoptar medidas que fagan de barreira, reorganizar postos ou delimitar zonas para **evitar o contacto**.
-  **ESPAZOS REDUCIDOS**
Evitar coincidir en **espazos pequenos** como zonas de paso, de espera, salas de reunións ou aseos.
-  **CONTROL DE ACCESO**
Efectuar un **control adecuado de acceso nas oficinas** con atención ao público. Controlar a circulación de persoas e os aforos máximos.

HIXIENE E LIMPEZA

-  **LAVADO DE MANS**
Facilitar o **lavado frecuente de mans** e o uso de **solucións hidroalcohólicas** a todo o persoal. Lavalas antes e despois de tratar con cada usuario.
-  **VÍAS RESPIRATORIAS**
Cubrir as vías respiratorias cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esberrar e desbotalo de xeito adecuado.
-  **OLLOS, NARIZ E BOCA**
Evitar **tocar** os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.
-  **LIMPEZA**
Limpar **frecuentemente** espazos de uso común e equipos de traballo (**mobles, teclados, fotocopiadora, impresora, teléfonos e material de oficina**).
-  **MÁSCARAS**
O uso de máscaras é necesario cando a **distancia de seguridade sexa menor a 2 metros**, ou así o valore o servizo de prevención.
-  **USUARIOS**
Dispoñer de **solucións hidroalcohólicas, luvas e panos desbotables** para o uso público na entrada e no interior da oficina.
-  **LUVAS**
Usar luvas desbotables **para manipular a documentación** dos usuarios e cando se comparta material de oficina.
-  **EQUIPOS**
Evitar **compartir** comida, bebida, equipos, dispositivos e material de oficina.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS

-  **DIFUNDIR RECOMENDACIÓNS**
Comunicar as **medidas preventivas** adoptadas e dispoñer de puntos de información para o público.
-  **ESTABLECER QUENDAS**
Valorar a necesidade de fixar quendas, limitar as actividades presenciais ou utilizar a flexibilidade horaria para **evitar a coincidencia de persoas**.
-  **LIMITAR AS ACTIVIDADES GRUPAIS PRESENCIAIS**
como reunións ou formación.
-  **PREVENCIÓN DO ESTRÉS**
Dar **pautas** de actuación ante posibles situacións de **estrés laboral**.

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

A Coruña
981 182 329
issga.coruna@xunta.gal

Lugo
982 294 300
issga.lugo@xunta.gal

Ourense
988 386 395
issga.ourense@xunta.gal

Pontevedra
886 218 101
issga.pontevedra@xunta.gal

Santiago
881 999 332
issga@xunta.gal